



ÓSCAR CELA

Alcaldes y público arroparon al belén de Begonte en su inauguración

El belén electrónico de Begonte abrió ayer sus puertas un año más y lo hizo con la presencia de un gran número de personas, entre ellas hasta diez alcaldes de la comarca chairega, invitados por el regidor begontino. En los instantes previos a la inauguración, el obispo de Lugo, Alfon-

so Carrasco Rouco, fue el encargado de pronunciar el pregón de Navidad y el de Mondoñedo-Ferrol, Manuel Sánchez Monge, bendijo el belén que fue inaugurado ayer. Las visitas al recinto se podrán realizar hasta el 31 de enero y con diversos horarios. » **L8**

Begonte inaugurou o seu belén co pregón do bispo de Lugo

La Voz

LUGO | O belén electrónico de Begonte foi inaugurado onte na súa edición número 37, contando coa presenza dun grande número de persoas e de dez alcaldes da comarca chairega. Os rexedores de Abadín, Cospeito, Guitiriz, A Pastoriza, Muras, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba e Xermade acudiron á invitación realizada polo alcalde begontino, José Antonio Vázquez, que quixo amosar deste xeito a implicación do Concello no impulso deste belén e o seu desexo de colaboración mutua cos seus artífices.

Nos instantes previos á inauguración do belén, na igrexa parroquial de Begonte tivo lugar a lectura do pregón de Nadal, que foi pronunciado polo bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, quen se referiu aos vencellos de Deus coa terra e ao significado do Nadal. Tamén asistiu a este acto o bispo da diócese Mondoñedo-Ferrol, Manuel Sánchez Monge, que foi o encargado de bendicir o belén no momento de ser inaugurado.



Autoridades e público asistente reuníronse arredor do belén no momento da súa inauguración | ÓSCAR CELA

Cunha igrexa repleta de xente, entre a que se atopaba o subdelegado do Goberno, Jesús Otero Calvo, o coro titular da catedral de Lugo, o Orfeón Lucense, baixo a dirección de Armando Cotarelo, ofreceu un breve recital de panxoliñas.

Tras estes cantos típicos do Nadal, todos os presentes dirixíronse ao Centro Cultural José Domínguez Guizán para asistir á apertura e posta en marcha do belén electrónico baixo a supervisión do párroco Jesús Domínguez Guizán. Unha vez máis,

este belén, recoñecido xa como unha referencia, volveu esperar a admiración do público pola fiel reprodución das escenas que nel se recollen e polo ben logradas que están as súas numerosas pezas, algunhas das cales foron renovadas.

Estará aberto os laborables e os festivos ata o 31 de xaneiro

A apertura do belén electrónico de Begonte marca en certa medida o inicio oficial do Nadal lucense. Os que desexen visitalo poden facelo os días laborables en horario de tres a sete da tarde; mentres que os festivos estará aberto de 11.00 a 14.00 e de 15.00 a 20.00. Aqueles grupos interesados en facer visitas é recomendables que avi-

sen previamente ao teléfono 982 396 121.

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do belén begontino, convoca, coa colaboración doutras entidades como a Deputación Provincial, a Consellería de Cultura, a Secretaría Xeral de Comunicación, a Fundación Caixa Galicia e Caixa Rural Galega: varios certames, cuxos premios se entregan o día da clausura do belén electrónico de Begonte.